

LISTA DE ASISTENTES

Vicente Badenes Plá
Xosé Baamonde
Juan Manuel Corbacho
Alberto Dafonte Gómez
Ana Belén Fernández Souto
David Formoso
Oswaldo García Crespo
Silvia García Mirón
Pedro Pablo Gutiérrez
Beatriz Legerén
Jorge Lens Leiva
Carmen López de Aguilera
Xabier Martínez Rolán
María Isabel Míguez
Alberto Pena Rodríguez
Fortunato Rodríguez Fernández
José Rúas Araujo
Emma Torres Romay
Montse Vázquez Gestal
Abuín Penas, Javier
Fontenla Pedreira, Julia
Ana M^a Suárez Mariño

DESCULPAN A SÚA AUSENCIA

Ana Amorós Pons
Román Pereiro Rodríguez- Lepina
Diana Ramahí
Mónica Valderrana Santomé
Isabel Moreira Recamán

Acta da sesión ordinaria do Consello de Departamento de Comunicación Audiovisual e Publicidade da Universidade de Vigo do 21 de outubro de 2019, convocada para as 13:15h en primeira convocatoria e ás 13:45h en segunda na Sala de Xuntas da Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación.

O día 21 de outubro de 2019 deu comezo a sesión ordinaria do Consello de Departamento do Departamento de Comunicación Audiovisual e Publicidade as 13.45 horas, co obxecto de tratar os seguintes puntos da **orde do día**:

1. Aprobación, se procede, da acta anterior:

Acta de 31 de maio de 2019

Apróbase.

2. Informe do director do Departamento.

O director do Departamento, José Rúas Araújo, informa:

- Parabéns: a profesora Silvia García Mirón polo seu casamento e o profesor Xabier Martínez Rolán pola súa paternidade.
- Bolseira FPI: Julia García Fontenla. Tres anos, entra a formar parte do Consello de Departamento.
- Geraldine La Prioré. É a persoa que obtén a Bolsa de Colaboración co Departamento trala publicación da resolución definitiva da convocatoria correspondente.
- Producción Científica. A previsión é que poida empezar a execución no mes de xaneiro. Problemas coa actual, ata agora non se computaba ó IVE, agora hai partidas que se entende teñen desgravación (material inventariable) e outras que non (material funxible). Non houbo comunicación oficial dende a reitoría. A xefa da Área de Apoio a Centros e Departamentos, Ana Suárez, informa que o detectaron ao non cadrar as contas.

A modificación fíxose directamente na plataforma económica, sen notificación nin instrucións oficiais.

- Foro de la Comunicación. Será en Málaga, 6 de marzo de 2020. O Departamento achega 500 euros, agora co IVE, serán 650 euros. Unha persoa acudirá en representación do departamento como relator para presentar as comunicacións.
- Partida de cursos, conferencias e seminarios. Queda algo de diñeiro. Hai una solicitude do profesor Paulino Pérez Feijoó para invitar a un relator que dará dous cursos/talleres, que serán financiados entre o departamento e o decanato. Pódese facer algunha solicitude máis, deben celebrarse antes do peche do ano económico. O director propón a invitación a Carmen Peñafiel ou Salustiano Mato para falar dos sexenios de transferencia.
- Hai unha retención de crédito de 1100 euros para gastos de reprografía. A rescisión do contrato coa concesionaria, sen que pasase factura por este tipo de gastos, fai que debamos decidir que facer con este diñeiro: manter os 30 euros por docente para facer o gasto en fotocopias ou destinar unha parte á compra doutra fotocopiadora.

3.- Aprobación, se procede, dos informes presentados polos solicitantes das Bolsas de Colaboración dos Departamentos:

- Na reunión da Comisión Permanente de 19 de setembro propúxose valorar con catro puntos a memoria dos catro solicitantes das Bolsas de Colaboración cos Departamentos. Finalmente, o que se decidiu foi o expediente académico, quedando en primeiro lugar a alumna Geraldine La Prioré.

Apróbase.

4. Transformación dunha praza de profesorado:

O profesor Sergio Frade solicita a transformación de T3-P6 a T3-P4.

Deixa vacantes 60 horas da materia de Producción Publicitaria en Medios Audiovisuais do Grao en Publicidade e Relacións Públicas no 2º semestre.

Apróbase.

5. Modificación do POD.

O profesor Sergio Frade solicita a transformación de T3-P6 a T3-P4. Deixa vacantes 60 horas da materia de Producción Publicitaria en Medios Audiovisuais do Grao en Publicidade e Relacións Públicas no 2º semestre. Ofreceuse aos profesores asociados a posibilidade de aumentar a súa dedicación por se alguén estivese interesado en asumir a dita docencia. Non houbo contestación, propónse que a dita docencia a imparta a borseira FPI Julia Fontenla Pedreira, que pode impartir ata 60 horas anuais de docencia.

O profesor Xabier Martínez Rolán recorda que o seu permiso de paternidade terá unha segunda parte no mes de abril, hai que prever quen se vai facer cargo da súa docencia.

O dito profesor solicita, ademais, que se modifique o POD xa que pasa a ser o coordinador da materia de Traballo Fin de Grao, no Grao de Comunicación Audiovisual, en substitución da profesora Diana Ramahí, tal e como se aprobou na Xunta de Facultade.

Apróbanse as modificacións.

6.- Aprobación, se procede, do orzamento do Departamento para o ano 2020.

Orzamento 2020: 6058,27 euros, 79,42 euros menos co ano pasado.

Por partidas:

- 400 euros menos en material de oficina
- 100 euros menos en atencións protocolarias
- 200 euros máis en cursos...
- 300 euros máis en outros gastos...

A profesora Emma Torres fai constar que o orzamento é o mesmo dende as orixes do departamento e o número de profesores creceu bastante.

Apróbase.

7.- Rolda de Intervencións.

Non hai.

Sen máis intervencións levántase a sesión ás 14.30 horas.

En Pontevedra, 21 de outubro de 2019.

O director

A secretaria do departamento

José Rúas Araújo

Montserrat Vázquez Gestal